




FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

1. CLAVE DE IDENTIFICACIÓN: GA 36 024 001			
Adscrición tipolóxica:	Castro	Adscrición Cultural:	Idade de Ferro
2. LOCALIZACIÓN			
Nome:	CASTRO DE GALEGOS		
Topónimo:	A Croa		
Provincia:	Pontevedra		
Concello:	Lalín		
Parroquia:	Galegos (S. Miguel)		
Lugar:	Galegos		
CARTOGRAFÍA			
Coordenadas (Datum ETRS89)			
UTM: Fuso 29	Coord. x:	571.446	Latitude: 42° 46' 11,493" N
	Coord. y:	4.735.628	Lonxitude: 8° 7' 36,130" O
Nº MAPA	Esc. 1/10.000:	122- 21	Esc. 1/5.000: 0122A-0204 (malla anterior: 0122 4-2)
ACCESOS			
Dende Lalín tómase a estrada que conduce a Vila de Cruces (PO-206). Á altura do núcleo de Espiñeira tómase, á man dereita, a estrada que conduce a Cercio (a EP-6007). Recorridos uns 700 m. aparece un desvío á man esquerda que conduce ó núcleo de Galegos, ó que se chega tras recorrer un quilómetro e medio aproximadamente. O acceso ó xacemento é un camiño de terra que parte do propio núcleo en dirección NNE.			
3. CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO			
Altitude:	457 m.s.n.m.		
Emprazamento topográfico:	No extremo setentrional dunha lomba, xusto na ruptura de pendente, preto do punto no que conflúen dúas ramificacións do rego de Galegos.		
Utilización do entorno:			
Pradaría e terras de cultivo, e cara ó norte arboredo autóctono e algo de repoboación. A uns 100 m. cara ó suroeste, atópase o núcleo de Galegos.			



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

4. ESTADO ACTUAL E PROTECCIÓN						
<ul style="list-style-type: none"> Vexetación <p>En xeral hai arboredo autóctono de porte grande (piñeiros, carballos, castaños e sobreiras). Tamén hai algún fento.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Descrición das alteracións: <p>Aprécianse algunhas alteracións coma a acumulación de escombros na zona oeste do foxo ou zonas escavadas no borde sur e sueste. Hai unha torreta eléctrica xunto ó acceso do castro, e un poste de luz na parte oeste do foxo.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Grao de conservación 	Moi bo: X	Bo:	Regular:	Malo:	Moi malo:	Desaparecido:
<ul style="list-style-type: none"> Causas de alteración: <p>Particulares e empresas.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Protección Legal 	BIC:		Planeamento urbanístico:	X	Outros:	
<ul style="list-style-type: none"> Protección física: 						
<ul style="list-style-type: none"> Intervención arqueolóxica: 						
<ul style="list-style-type: none"> Réxime de propiedade: 		Pública:		Privada:	X	
5. MATERIAIS						
<ul style="list-style-type: none"> Descrición: 						
<ul style="list-style-type: none"> Procedencia <p>Achado casual: Intervención arqueolóxica: Outra:</p>						
<ul style="list-style-type: none"> Lugar actual do depósito: <p>- Museo ou colección pública:</p>						
<p>- Museo ou colección privada:</p>						
<p>- Particular, Nome(s) e dirección(s):</p>						

FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

7. DESCRICIÓN DO XACEMENTO:


Castro dun único recinto de forma ovalada irregular. O eixo maior ten orientación N-S e mide uns 50 ó interior e 75 m. ó exterior. O eixo E-O mide no punto mais ancho uns 50 m. polo interior e 65 m. no exterior; se incluímos as defensas exteriores chégase a unhas medidas máximas de 75 m.

O recinto aparece defendido en todo o seu perímetro por un terraplén cun desnivel exterior duns 8 m. no sueste. O parapeto tamén rodea todo o perímetro con caída ao interior duns 3 m. e unha anchura media de 2 m., aínda que nalgún sector alcanza os 4 m. O parapeto parece construído con pedra e terra e non se pode descartar a existencia de muralla, pois nalgúns puntos hai pedras que parecen conformar unha estrutura muraria. De feito, na zona occidental, marcando a liña exterior do parapeto, obsérvase muro de cachotería de xisto en seco, que non se sabe se podería ter relación coa estrutura orixinal, ou foi una construción posterior.

No sector occidental hai un foxo duns 5 metros de anchura de media. Consérvanse, ademais, os restos dun parapeto no extremo sur do foxo.

A entrada ó recinto está na zona oriental e consiste nunha simple interrupción do parapeto. A ela chégase a través dunha rampla, continuación do camiño de acceso ó xacemento. É probable que este acceso estea modificado posteriormente.

Ó leste do recinto ábrese unha terraza, cuxo límite setentrional únese co recinto do castro. Sen embargo, a indefinición da área e a inexistencia de restos no sector meridional, non permite asegurar que se trate dun antecastro.



Orotografía do voo Americano de 1956 - 1957 (esquerda) e detalle do plano 1:5000 (dereita)



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación
Pontevedra



depoDeza


Dinamización Económica
da Comarca




Rías
Turismo Baixas

FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

8. CROQUIS DO XACEMENTO:



0 10 20 30 40 50 Metros





FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

9. FOLKLORE

“En él vivieron los ‘moros’ hasta que los echaron los ‘facciosos’; enterradas en el castro hay llaves de oro”. (Figueira e García 1956: 126)

“Os mouros vivían no castro, pero enterrábanos no cemiterio que tiñan ao lado do *Coto da Torre*” (Presas 2008: 118)

Segundo un informante local o castro fixéronno os mouros e nel había ouro. O informante falou de que había outro castro na parroquia de Galegos que lle chaman “O Coto da Torre”, no que se situaba a igrexa (Redactores da ficha novembro 2012).

10. POTENCIAL DE REVALORACIÓN DO XACEMENTO

Excelente:

X

Axeitado:

Non axeitado:

▪ Estado de conservación actual:

O xacemento presenta un magnífico estado de conservación e tan só afectan a súa integridade a presenza de lixo, un poste da luz na zona occidental. Tamén se fixeron escavacións furtivas e búsqueda con detectores de metais (segundo Presas 2008: 119).

▪ Vulnerabilidade ás visitas:

En xeral non hai ningún elemento do castro vulnerable, excepto algunhos muros da zona occidental do parapeto.

▪ Orixinalidade (deste castro respecto doutros):

Fronte a maior parte dos castros documentados, este presenta parapeto en todo o seu contorno e moi ben conservado. Ilustra un tipo de emprazamento característico do Deza: castro en extremo de lomba xunto á ruptura de pendente.

▪ Perceptibilidade das estruturas:

As estruturas defensivas son moi nítidas, tanto desde o exterior como desde o interior. Desde media e longa distancia o seu emprazamento pode pasar desapercibido.

▪ Accesibilidade e capacidade de recepción de público:

O acceso por carretera é doado ate case o mesmo castro, pois se atopa moi próximo ao núcleo de Galegos. É posible estacionar os vehículos no contorno inmediato, mesmo vehículos pesados. O camiño de terra que leva ó xacemento fora das incomodidades relacionadas co seu encharcamento, é moi transitable xa que o dono da finca encárgase de mantelo transitable (ó igual que ó entorno do castro). Non hai servicios cerca do xacemento.

▪ Potencial de ilustración (xacemento e contorna):

Especialmente a croa e as súas defensas.

▪ Necesidades mínimas para a revalorización:

Retirada do escombros acumulado na zona occidental e a limpeza da vexetación.



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

▪ Outros elementos de Patrimonio Cultural próximos:

Cruceiro do ano 1889. Igrexa parroquial de estilo románico (Buxán 1989:31). Sobreiral de Arnego, que forma parte da paisaxe da conca baixa do Arnego dende comezos do Cuaternario (Presas (2008:117). Hórreo de tripe volume (tres veces máis ancho ca os modelos tradicionais (Presas 2008: 116)

10. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

ÁLVAREZ LIMESES G. (1936): *Geografía general del reino de Galicia. Provincia de Pontevedra*. Barcelona: A. Martín. Páx. 590.

BUXÁN, C. (1989) *Guía dos Castros de Lalín*. Lalín: O trillón. Asociación Cultural "O Naranxo". Páx. 29-31.

CARBALLO ARCEO, L.X. (1989): *A Cultura castrexa na bacía media do río Ulla*. Tesis Doctoral lida na Facultade de Xeografía e Historia, universidade de Santiago de Compostela.

(2001) *A cultura castrexa na comarca do Deza*. Col. Deza Básicos nº 4. Lalín: Patronato cultural de Lalín, Seminario de Estudos do Deza, Concello de Lalín. Páxs. 74, 156, 159, 322, 323.

EPYPSA: "Ficha de Inventario 1-24 do PGOU de Lalín".

FILGUEIRA VALVERDE J.; GARCÍA ALEN A. (1954-56) "Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, TVIII. Páx. 126.

GARCÍA PORRAL, X. C. 2010: *Lendas castrexas: Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín*. A Coruña: Lóstrego. Páx. 42.

MEIJIDE CAMESELLE, G. e REY SEARA. E. (1989) "Ficha de inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia". Inédito. Depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia.

PRESAS GARCÍA, A. (2008) *Os castros de Lalín*. Col. Deza Básicos. Lalín: Concello de Lalín

Informantes:	Sobre o folclore un veciño da zona.
Redactor(es):	Santiago Ferrer Sierra e Mar López Cordeiro
Lugar e data:	
Lalín, 19 de novembro de 2012	



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación
Pontevedra



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

GA36024001. CASTRO DE GALEGOS (Galegos, S. Miguel de Galegos)



MG_5920_25. Vista panorámica do interior da croa dende a entrada.



IMG_5925. Entrada ó recinto dende o interior.



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación
Pontevedra



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)



IMG_6661 Vista do parapeto dende o sur.



IMG_6662. Murete existente na cara exterior do parapeto na zona suroeste.

FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)



IMG_6663. Entrada ó recinto dende o interior.



IMG_6664. Entrada ó recinto dende o exterior con rampla que deriva ao camiño.



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación
Pontevedra



depoDeza
Dinamización Económica
da Comarca




FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)




IMG_6665. Vista do interior do recinto dende a entrada.



IMG_6666. Vista do sistema defensivo na zona occidental.



PLANTA
E/1:200



MODELO DIGITAL DEL TERRENO



ORTOIMAGEN

